

6. MONITORIZACIÓN DO MEDIO.

Levouse a cabo unha primeira mostraxe planctónica estacional. As mostras foron filtradas para a retención dos organismos de tamaño superior a $0.22\mu\text{m}$. As coleccións de filtros mantéñense conxeladas ata o illamento do ADN total.

Con base nun método previamente avaliado, baseado en PCR SYRB GREEN en tempo real, describiuse unha ferramenta altamente sensible e eficiente para a identificación e cuantificación de larvas de *Cerastoderma edule* en mostras da columna de auga.

Así, a partir dos resultados obtidos (Figura 13) e das equivalencias ao volume de auga do mar, as larvas foron cuantificadas por litro para as mostras problema da ría de Noia (2017), resultando en ES5 (1.37 larvas/L), ES7 (1,13 larvas/L) e M7,2 (1,65 larvas/L).

Nunha mostraxe previa (do ano 2013), só se observa unha detección de ADN de *Cerastoderma edule* na mostra da Ría de Noia, cun valor de aproximadamente 1 larva/L. En contraste, as mostras da Ría de Vigo e de Pontevedra non presentan ADN detectable de *Cerastoderma edule*




Figura 13. Gráfico que mostra o sinal homoxéneo (A) detectado para as mostras ambientais e as curvas de amplificación (B) co sistema Cedu-16S-q1F / 2R.